

**ACTA DA ASEMBLEA XERAL DA ONGD SOLIDARIEDADE GALEGA
DO
26 DE MARZO DE 2011**

En A Coruña, no salón de actos da Áula Sociocultural da Fundación Caixa Galicia (rúa Médico Rodríguez, 2-4), sendo as once horas do día vinte e seis de marzo de dous mil once, reúnese, en sesión ordinaria, a Asemblea Xeral da ONGD SOLIDARIEDADE GALEGA, previa convocatoria do seu presidente.

ASISTENTES:

- XUNTA DIRECTIVA (7):

Presidente: Enrique Rodríguez Álvarez.

Vicepresidente: Antón Xosé González Artiaga

Tesoureira: Mónica María García Casás

Vogal 1ª: Xoana Pérez González

Vogal 3ª: Guadalupe Pérez-Lafuente Leiro

Vogal 4ª: Concepción López Sánchez

Vogal 5ª: Lourdes Bermello López

- SOCIAS/OS (10):

Mª Josefa Pombo García

Mª Herminia Pintado Conde

Mª del Carmen Martínez Modia

Asunción Vázquez Pérez

Rosa Arroyo Castillo

Alberto Castellano López

Mª del Carmen García Vázquez

Maria Victoria Torreiro González

Salvador A. Fojón Polanco

Antía González Pombo

CUESTIÓN PREVIA:

- SECRETARÍA DA REUNIÓN.

Como consecuencia do escrito de renuncia voluntaria presentado por Luz María Rey Lago, secretaria da ONGD, acórdase pola Asemblea Xeral aceptar dita renuncia e que realice as funcións de redactor da acta da presente reunión da Asemblea Xeral, o membro da Xunta Directiva e vicepresidente Antón Xosé González Artiaga.

- ORDE DO DÍA:

- 1.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA ASEMBLEA ANTERIOR DO10-04-2010.
- 2.- ACTIVIDADES REALIZADAS NO 2010.
- 3.- RATIFICACIÓN DE CONVENIOS ASINADOS EN 2010-2011.
- 4.- INFORME SOBRE OS PROXECTOS REALIZADOS NO ANO 2010.
- 5.- INFORME SOBRE PROXECTOS A REALIZAR NO ANO 2011.
- 6.- LIQUIDACIÓN E CONTAS DO EXERCICIO 2010.
- 7.- ORZAMENTO EXERCICIO 2011.
- 8.- RENOVACIÓN DE POSTOS DA XUNTA DIRECTIVA.
- 9.- QUENDAS DE INTERVENCIÓNS.

**1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA
ASEMBLEA ANTERIOR, CELEBRADA CON DATA 10 DE ABRIL
DE 2010.**

Aberta a sesión pola presidencia, dáse lectura á acta da Asemblea Xeral anterior celebrada con data 10 de abril de 2010, que é aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- ACTIVIDADES REALIZADAS EN 2010.

- Funcionamento da ONGD en 2010:

A) *Asemblea Xeral*, celebrou a reunión ordinaria con data 10 de abril de 2010, á que asistiron 16 socios/as, é dicir, un 7 % dos 225 socios/as.

B) *Xunta Directiva*, celebráronse en 2010 un total de tres reunións con datas 15 de marzo, 26 de xullo e 18 de decembro.

C) *Comisión de Proxectos*, celebrou unha reunión con data 23 de febreiro de 2010.

- Actividades da ONGD en 2010:

1º Encontro: “Espazo Solidario 2010”

Data: 27-02-2010 (Palexco)

Organiza: Concellaría de Mocidade do Concello da Coruña

2ª Mostra: “Esta moda é para sempre. Entidades de Acción Voluntaria” (Xaneiro – Marzo 2010) Exposición itinerante polas instalacións sociais e culturais do Concello da Coruña.

3ª Actividade: “Conferencias solidarias”

Data: 18 de marzo de 2010

Organiza: E.U. Enfermaría – UDC

Conferencia: Médico voluntario de Sol. Gal. (Salvador Fojón)

4ª Actividade: “Ciclo Aberto Solidario”

Organiza: Concello de Cambre.

Centro Cultural “O Graxal”

Conferencia: Proxecto Nicaragua 2009 (Luz Mª Rey Lago)

5º Actividade: “Mostra Revela 2010”

Organiza: Concello de Oleiros

Data: 18 de xuño de 2010

Lugar: Parque José Martí de Oleiros

6º Actividade: “Sociedad Española Contra la Ceguera en Países en Desarrollo”

Asociación de ONGD (12)

Acta fundacional: 23 de setembro 2010

Lugar: Madrid

Representante: Rosa Arroyo Castillo

7ª Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento:

- Solidariedade Galega remata a súa participación na Xunta Directiva, que iniciou en data 5 de abril de 2008 e rematará o 9 de abril de 2011.

- Continua formando parte da Comisión de Normativa e do Código de Conduta.

- Asistirá a Asemblea Xeral ordinaria a celebrar o 9 de abril de 2011.

- Participou no Seminario (22/11/2010) sobre as ONGD e a protección de datos.

- Participou no Encontro sobre a Cooperación Internacional en Galicia (11-12/03/11).

8ª Actividade: Mostra fotográfica Fondo Galego

“Nicaragua: Unha realidade viva”

Mostra itinerante polos Concellos de Galicia da colección “Nicaragua 2009”, realizada polo socio e fotógrafo Eduardo Castro Rodríguez.

A Asemblea Xeral queda informada.

3.- RATIFICACIÓN DE CONVENIOS ASINADOS EN 2010-2011.

- A) Convenio entre Solidariedade Galega e Eduardo Castro Rodríguez, sobre cesión dos dereitos de uso das fotografías da colección Nicaragua 2009 (15/02/10).
- B) Convenio entre Solidariedade Galega e Carrocera Castrosúa S.A. sobre utilización da colección de fotografías Nicaragua 2009 para publicidade da empresa (23/04/10).
- C) Convenio entre Solidariedade Galega e Fundemuni, para a construción da 1ª fase do Instituto de Liderazgo de las Segovias (19/02/10)
- D) Convenio entre Solidariedade Galega e a Deputación Provincial da Coruña, para cofinanciar a construción da 1ª fase do Instituto de Liderazgo de las Segovias (09/06/10).
- E) Convenio entre Solidariedade Galega e o Club de mergullo recreativo “O GRELLE”, para colaborar no proxecto RAAN 2010 en Puerto Cabezas, Nicaragua (04/08/2010).
- F) Convenio entre Solidariedade Galega e Fundemuni para a execución do proxecto de asistencia sanitaria especializada, formación, investigación e comunicación nas comunidades misquitas de Puerto Cabezas-Bilwi (RAAN), en Nicaragua (02/08/10).
- G) Convenio entre Solidariedade Galega e Fundemuni para a construción da 2ª fase do Instituto de Liderazgo de las Segovias en Mozonte, Nicaragua (18/01/11).
- H) Convenio entre Solidariedade Galega e Visionmil para a execución do proxecto de asistencia sanitaria especializada en oftalmoloxía, xinecoloxía e odontoloxía no municipio de El Rama, RAAS, en Nicaragua.
- I) Acta fundacional e estatutos da “Sociedad española contra la ceguera en los países en desarrollo” (23-09-2010).

A Asemblea Xeral acorda, por unanimidade dos asistentes, ratificar a aprobación dos convenios anteriormente relacionados, especialmente a ratificación dos acordos da Xunta Directiva sobre a creación e participación na “Sociedad española contra la ceguera en los países en desarrollo” (23-09-2010)

4.- INFORME SOBRE OS PROXECTOS REALIZADOS NO ANO 2010.

Como xa coñecen os asistentes a esta Asemblea Xeral, durante o ano 2010 só realizouse un proxecto de cooperación e axuda humanitaria denominado “Nicaragua 2010” coa participación de 24 voluntarias/os e dividido en dous subproxectos:

1º) “ASISTENCIA SANITARIA Y CIRÚRXICA ESPECIALIZADA EN OFTALMOLOXÍA, XINECOLOXÍA, ODONTOLOXÍA, ANESTESIOLOXÍA E TRAUMATOLOXÍA NOS MUNICIPIOS DE MURRA, WIWILÍ DE NUEVA SEGOVIA, QUILALÍ E OCOTAL, DEPARTAMENTO DE NUEVA SEGOVIA, NICARAGUA”

Seguidamente por parte da coordinadora do subproxecto de Nueva Segovia, Mónica García Casás:

Datas de execución: Do 30 de outubro ao 22 de novembro de 2010.

Recursos humanos (voluntarias/os): 15 persoas

1. Equipo de Oftalmoloxía: 3 persoas.
María Josefa Pombo García. Médica especialista en oftalmoloxía.
María Herminia Pintado Conde. Médica especialista en oftalmoloxía.
María Teresa Sagardía Redondo. Enfermeira.
2. Equipo de Xinecoloxía: 1 persoa.
Pilar Martínez López. Médica especialista en obstetricia e xinecoloxía.
3. Equipo de Odontoloxía: 2 persoas.
Marta Chamosa Prado , odontóloga.
Purificación Taibo Casas, auxiliar de enfermaría.
4. Equipo de traumatoloxía infantil: 6 persoas.
César de Lafuente González , especialista en cirurxía ortopeda infantil.
Juan Varela Vázquez, médico especialista en cirurxía ortopeda infantil
Arturo Oitabén Mariño médico residente 4º ano cirurxía ortopeda infantil.
María Muñiz Agrelo, enfermeira cirúrxica.
Carmen Alvarez Candal, enfermeira cirúrxica.
Enrique Rodríguez Alvarez , medico especialista en anestesia.
5. Equipo audiovisual: 2 persoas.
Loreto Costa del Río , xornalista.
Miguel Caruncho Casal, técnico audiovisual.
6. Coordinadora:
Mónica María García Casás, enfermeira, tesoreira da O.N.G Solidariedade Galega.

Resultados Totais: Consultas 2.057; Cirurxías 88; Gafas 514; Exodoncias 405;
Obturacións 130

Memoria Económica:

Gastos:

Conceptos	Importes/€
Desprazamentos e transportes	19.223,10

Material e medicamentos	2.079,65
Aloxamento e manutención	3.410,25
Taxas	74,79
Seguros	294,79
Outros gastos	74,79
Total	25.252,18

Facemos especial referencia ao reportaxe audiovisual “Non che doe?” (Brigada sanitaria de Solidariedade Galega en Nicaragua) realizado pola ONGD Reporteiros Galegos Solidarios (Agareso) xornalista Loreto Costa e cámara Miguel Caruncho.

2º) “ASISTENCIA SANITARIA EN MEDICINA SUBACUÁTICA, UROLOXÍA E FISIOTERAPEÚTICA AOS MERGULLADORES DAS COMUNIDADES MISKITAS EN PUERTO CABEZAS (BILWI), REXIÓN AUTÓNOMA DO ATLÁNTICO NORTE, NICARAGUA”

Seguidamente por parte do coordinador do subproxecto de Puerto Cabezas, Antón González Artiaga:

Datas de execución: Do 30 de outubro ao 22 de novembro de 2010.

Recursos Humanos (voluntarias/os) 9 persoas:

I) Medicina Subacuática:

- Salvador Antonio Fojón Polanco, médico especialista en medicina subacuática.
- Juan Jesús Manuel Herranz González-Botas, médico especialista en otorrinolaringoloxía

II) Uroloxía:

- Javier Francisco Sánchez Rodríguez-Losada, médico especialista en uroloxía.
- María Paz Vázquez Canosa, enfermeira

III) Fisioterapia:

- Francisco Rufino Jiménez de la Merced, fisioterapeuta.
- María Jesús Fraga Bermúdez de Castro, educadora física.

IV) Comunicación Audiovisual:

- Eduardo Javier Castro Rodríguez, licenciado en farmacia y fotógrafo profesional.
- Antía González Pombo, Licenciada en comunicación audiovisual y periodismo

V) Coordinador:

- Antón Xosé González Artiaga, licenciado en dereito e especialista en cooperación.

Resultados:

Os mergulladores miskitos descoñecen as condicións do mergullo internacionalmente aceptadas para a prevención de accidentes e enfermidades relacionados coas actividades subacuáticas e o traballo desenvolto en condicións hiperbáricas.

Practicamente a totalidade dos mergulladores, sufriu sintomatoloxía da enfermidade por descompresión.

A mielopatía por descompresión alcanza nestes traballadores proporcións epidémicas, afectando ao 2% dos mergulladores e xerando entre 2 e 4 novos parapléxicos ao mes. Estas cifras constituen unha catástrofe sanitaria, social e económica para os miskitos.

A explicación desta dantesca situación é triple. A ignorancia dos mergulladores, a negligencia da administración e a irresponsabilidade dos empresarios xera un réxime laboral a cabalo entre a explotación e o escravismo.

A administración nicaragüense, incapaz de atallar o problema, emprendeu accións

legais destinadas á prohibición da actividade. Esta iniciativa serve aos empresarios de xustificación para abandonar calquera esbozo de mantemento dos medios destinados á captura industrial mentres intensifican o ritmo de explotación do recurso amparados no argumento de que se trata dos últimos pulos da industria. As capturas a este ritmo esgotan a langosta e conducen aos mergulladores a maiores profundidades, con peores equipos.

Memoria económica:

Gastos

Concepto	Euros
A) Desprazamentos	12.264,25.-
B) Seguros	166,68.-
C) Taxas aeroporto	93,71.-
C) Aloxamento e manutención	2.401,46.-
D) Sobre peso equipaxe	185,64.-
G) Outros gastos	173,20.-
TOTAL	15.284,87.-

Ingresos e financiamento:

Concepto	Euros
A) Carrocera Castrosúa	1.750,00.-
B) Caja Duero	1.250,00.-
C) Asociación de Mergullo “O Grelle”	2.250,00.-
C) Universidade da Coruña	2.000,00.-
D) Achegas voluntarias/os do proxecto	3.553,72.-
E) Doazóns particulares	3.000,00.-
F) Achega Solidariedade Galega	1.481,15.-
TOTAL	15.284,87.-

No outono de 2011 publicouse o libro “Unha ONGD no mundo do silencio” resultado das campañas realizadas no período 2006 – 2010 en Perú (Sechura) e Nicaragua (Puerto Cabezas), elaborado polos voluntarios Salvador Fojón e Jesús Herránz , xunto cun DVD con fotografías de Eduardo Castro e documental de Antía González Pombo.

5º.- PROXECTOS A REALIZAR NO 2011:

Para o actual exercicio de 2011, dáse conta á Asemblea que están previstos a realización dos seguintes proxectos:

- 1º) Asistencia oftalmolóxica, odontolóxica e xinecolóxica no concello de El Rama, Nicaragua.
- 2º) Construción da 2ª fase do Instituto de Liderazgo de las Segovias, financiado pola Deputación Provincial da Coruña, para dos aulas didácticas y urbanización del entorno.
- 3º) En consorcio coa coa ONGD Farmamundi se presentan tres proxectos ás convocatorias da Xunta de Galicia de 2011 sobre cooperación, educación e fortalecemento.

6º.- LIQUIDACIÓN E CONTAS DO EXERCICIO 2010:

Por parte da tesoureira da ONGD, Xoana Pérez González, dá conta á Asemblea Xeral das contas e liquidación correspondentes ao exercicio de 2010, sendo o seu resumo o seguinte:

CONTAS ANUAIS 2010

INGRESOS

Totais Ano 2010	94.191,05 €
------------------------	--------------------

Cotas Socios	14.937,00 €	
Impagados		1.300,00 €
Socios –Impagados	13.637,00 €	

Lotaría	7.375,00 €	(venta 7.375€, 1.375 ganancia)
Intereses Banca	0,58 €	
Deputación A Coruña	15.000,00 €	
Concello de Lugo 09	1.108,00 €	
Fondo Galego 09	6.000,00 €	
Concello Cambre 09	8.600,00 €	
Concello A Coruña 09	5.209,43 €	
Universidade da Coruña	2.000,00 €	
Conc A Coruña	7.840,00 €	45.757,43 €
Castrosua convenio	3.500,00 €	
Caja de Salamanca y Soria	2.500,00 €	
Club O Grelle	2.250,00 €	8.250,00 €
Diferenza no proxecto 09	535,00 €	
Doazóns	18.636,04 €	
TOTAL	94.191,05 €	

GASTOS

Totais Ano 2010	70.321,04 €
------------------------	--------------------

Gastos Correntes	
Cordinadora	150,00 €
Teléfono	235,47 €
Seguros	65,56 €
Correo	53,72 €
Outros gastos	180,00 €
Gastos Bancarios	150,00 €
TOTAL	834,75 €

Lotaría	6.000,00 €
TOTAL G.C. + LOTARÍA	6.834,75 €

PROXECTOS	63.486,29 €
------------------	--------------------

Proxecto	Deputación - ILSS
Pago Fundemini ILS	14.949,17 €
Colexio de Arquitectos Galicia	8.000,00 €
TOTAL	22.949,17 €

Proxecto	Nueva Segovia
TRANSPORTE	19.223,10 €
MATERIAL	2.079,65 €
OUTROS GASTOS	169,60 €
ALOXAMENTO EN MANUTENCIÓN	3.410,25 €
TAXAS	74,79 €
SEGUROS	294,79 €
TOTAL	25.252,18 €

Proxecto	RAAM
Transporte	12.264,25 €
Seguros	166,68 €
Taxas e excesos equipaxe	279,35 €
Aloxamento e Manutención	2.401,46 €
Outros Gastos	173,20 €

TOTAL	15.284,94 €
--------------	--------------------

TOTAL GASTOS 2010	70.321,04 €
--------------------------	--------------------

BALANCE ANUAL 2010

INGRESOS	94.191,05 €	
GASTOS	70.321,04 €	
Balance	23.870,01 €	

A Asemblea Xeral por unanimidade dos asistentes acordan aprobar as contas e liquidación do exercicio de 2010.

7.- ORZAMENTO EXERCICIO DE 2011:

Preséntase á Asemblea Xeral o Orzamento para o exercicio de 2011 e que seguidamente se indica:

ESTADO DE INGRESOS:

- Cotas de socios/as	12.000,00 €
- Doazóns privadas	14.500,00 €
- Venda de Lotaría Nadal	7.500,00 €
- Subvencións públicas	<u>63.000,00 €</u>
- <u>Total de ingresos 2011</u>	<u>97.000,00 €</u>

ESTADO DE GASTOS:

- Persoal	0,00 €
- Gastos formación	2.000,00 €
- Gastos correntes	10.000,00 €
- Proxectos 2011	<u>85.000,00 €</u>
- <u>Total de gastos 2011</u>	<u>97.000,00 €</u>

A asemblea Xeral aproba por unanimidade dos asistentes o Orzamento para o exercicio de 2011, polo importe de 97.000,00 €.

8º.- RENOVACIÓN DE POSTOS DA XUNTA DIRECTIVA:

A Xunta Directiva, en reunión celebrada con data 18 de decembro de 2010, acordou iniciar, segundo dispón o artigo 24 dos Estatutos, o proceso de renovación dos cargos vicepresidente/a, tesoureiro/a e vogais 2º e 3º, como tamén o cargo de secretaria por dimisión da súa titular e a vogalía 1ª por cambio de posto. Determinouse como data da celebración da Asemblea Xeral a do 26 de marzo de 2011 e como data tope para a presentación de candidaturas o 5 de marzo de 2011.

A Xunta Directiva, en reunión celebrada con data 9 de marzo de 2011, tivo coñecemento da presentación, dentro do prazo, da seguinte e única candidatura formada por:

- Vicepresidenta: Mónica María García Casás.
- Tesoureira: Xoana Pérez González.
- Secretario: Antón Xosé González Artiaga
- Vogal 1ª: María José Muñiz Agrelo
- Vogal 2ª: Guadalupe Pérez-LafuenteLeiro
- Vogal 3ª: María Purificación Taibo Casás.

Sometida a votación da Asemblea Xeral, convocada regulamentariamente e co quórum que esixe estatutariamente o artigo 24 dos Estatutos, acordou por unanimidade dos asistentes e sen votos en contra, nin en branco, nin abstencións, a aprobación da única candidatura presentada para a renovación parcial dos cargos da Xunta Directiva.

Como consecuencia do anterior, a nova Xunta Directiva de SOLIDARIEDADE GALEGA queda integrada polas seguintes persoas:

- Presidente: Enrique Rodríguez Álvarez.
- Vicepresidenta: Mónica María García Casás.
- Tesoureira: Xoana Pérez González.
- Secretario: Antón Xosé González Artiaga.
- Vogal 1ª: María José Muñiz Agrelo.
- Vogal 2ª: Guadalupe Pérez-Lafuente Leiro.
- Vogal 3ª: María Purificación Taibo Casás.
- Vogal 4ª: María Concepción López Sánchez.
- Vogal 5ª: María Lourdes Bermello López.

A Asemblea Xeral quere agradecer ás persoas que cesan nos seus cargos Antón Xosé González Artiaga (Vicepresidente), Mónica María García Casás (Tesoureira), Luz María Rey Lago (Secretaria), Xoana Pérez González (Vogal 1ª), Purificación Taibo Casás (Vogal 2ª) e Guadalupe Pérez-Lafuente Leiro (Vogal 3ª), o seu traballo e colaboración dentro da Xunta Directiva.

Ao mesmo tempo a Asemblea Xeral, felicita aos novos membros da Xunta Directiva, lembrándolles o compromiso e responsabilidade que adquiren dentro da ONGD por razón dos seus novos cargos directivos.

9.- QUENDA DE INTERVENCIÓNS:

A socia e voluntaria Rosa Arroyo, intervén para propor a necesidade de contar cun correo electrónico específico para oftalmoloxía. Dende a mesa presidencial comunícaselle que dita proposta se trasladará á empresa que se encarga do correo.

A vogal da Xunta Directiva Guadalupe Pérez-Lafuente Leiro, propón que se dote á secretaría da ONGD dun equipo informático adecuado con conexión a internet. A mesa presidencial contesta que se ben o ordenador de mesa, moi antigo, xa non serve, temos un portátil que empregamos para realizar a actividade administrativa, aínda que cada membro emprega o seu ordenador persoal; en relación coa conexión a internet non se estima como un servizo que se necesita polo momento, xa que cada membro da Xunta Directiva utiliza o que ten na súa casa para as actividades da ONGD.

A tesoureira Xoana Pérez González sinala a necesidade de elaborar unha nova base de datos para os socios e cotas anuais.

A vogal Concepción López Sánchez, engade a necesidade de normalizar a remisión da cotas con carácter trimestral aos socios. Tamén comenta a posibilidade de organizar unha “cea solidaria” para recadar fondos para a ONGD.

O voluntario Salvador Fojón comenta, por unha banda, a necesidade de realizar unha campaña de captación de novos socios, e, por outra banda, ampliar os obxectivos de colaboración na realización das actividades de cooperación e acción humanitaria.

Dende a mesa presidencial e ante a renuncia presentada pola anterior secretaria da ONGD, Luz María Rey Lago, quérese facer consta ro agradecemento desta Asemblea Xeral e Xunta Directiva pola súa colaboración e traballo dentro da ONGD.

Non existindo máis asuntos na orde do día, o presidente da por rematada a reunión sendo as trece horas e trinta minutos, levantándose a presente acta da reunión da Asemblea Xeral celebrada no lugar e data ao inicio sinalados, que asinan o presidente e o secretario.

O presidente

Enrique Rodríguez Álvarez

O secretario

Antón Xosé González Artiaga